# REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 04.10.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

1.1 55523 (10/POC-008757)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o número de centros escolares con obras pendentes de remate ao inicio do curso escolar, as razóns desta situación e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a súa incidencia no normal desenvolvemento do curso
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019*

1.2 53913 (10/POC-008493)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre o nivel de participación dos institutos de educación secundaria no chamado bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

2.1 54425 (10/PNC-004330)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 6 máis
Sobre a execución pola Xunta de Galicia da reforma integral do CEIP Gregorio Sanz, de Ribadeo
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019*

2.2 55145 (10/PNC-004380)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de garantir o dereito das persoas galegas a concorrer ao Certame Arquímedes ou a calquera outra convocatoria dese tipo con proxectos, estudos ou investigacións realizados na lingua propia de Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019*

2.3 55530 (10/PNC-004413)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de conservación en que se atopan o patrimonio histórico e os bens inmobles catalogados no concello de Mondariz-Balneario
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019*

2.4 55618 (10/PNC-004427)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co borrador do Anteproxecto de lei de recoñecemento da Universidade Intercontinental da Empresa, impulsada por Abanca
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA
POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

| | |
|---|---|
| Presidente | |
| Antonio Mouriño Villar | P |
| Vicepresidenta | |
| Teresa Egerique Mosquera | P |
| Secretaria | |
| Luca Chao Pérez | GCE |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| Luis Manuel Álvarez Martínez | S |
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| María Ángeles Antón Vilasánchez | P |
| María de la Concepción Burgo López | S |
| Carlos Gómez Salgado | P |
| María Isabel Novo Fariña | P |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| Sandra Vázquez Domínguez | P |
| Paula Vázquez Verao | M |

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 04.10.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 04.10.2019        Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 55523(10/POC-008757)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o número de centros escolares con obras pendentes de remate ao inicio do curso escolar, as razóns desta situación e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a súa incidencia no normal desenvolvemento do curso

*Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 16:47:42
Nº Rexistro: 55523
Data envío: 11/09/2019 16:47:42.340

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás obras pendentes de rematar ao inicio do curso escolar.

Un ano máis o inicio do curso escolar en Galicia vese salpicado polos incumprimentos da Xunta de Galicia. Incumprimentos no tocante a infraestruturas, con obras sen rematar, unidades pechadas, menos docentes, en definitiva, recortes. Recortes, por suposto, na calidade da educación que reciben as nenas e nenos de Galicia.

No que se refire ás infraestruturas comezamos un curso máis con obras sen rematar pola mala planificación da consellería que pretende que miles de nenas e nenos entren en aulas nas que non foron quen de rematar as obras.

Especialmente preocupante resulta o caso do Colexio de Ensinanza Infantil e Primaria (Ceip) de Cervo, onde as familias rexeitan levar os nenos á escola despois de que a Consellería de Educación non lles ofrecese unha solución ás obras de rehabilitación do centro educativo, que comezaron a mediados do pasado mes de xullo e que distan de estar rematadas.

En Cervo, un total de 112 persoas -o centro educativo ten arredor de 130 alumnos– asinaron un escrito enviado o 10 de setembro á Consellería de Educación para esixir alternativas ante o retraso das actuacións.

Entre os problemas denunciados está limpar e equipar as aulas dispoñibles mentres continúan as obras noutras o que podería provocar problemas ao

CSV: REXISTROZ9O7Z5utB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 16:47:42
Nº Rexistro: 55523
Data envío: 11/09/2019 16:47:42.340

alumnado con asma. Ademais as aulas de quinto e sexto curso teñen pendente moito material dixital que precisan para o funcionamento normal.

Por outra banda a cociña está inutilizable, polo que no comedor vaise servir cátering e espazos como o patio infantil terán que illarse mediante valos. Tampouco están habilitados os cuartos para profesorado e persoal.

Algo semellante acontece no Ceip nº 1 de Foz, onde o atraso nas obras non permitirá utilizar un dos dous edificios do centro educativo ao inicio do curso.

Obras que en moitos centros, segundo as propias declaracións da conselleira, precisarán dúas ou tres semanas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Cantos centros escolares van ter que comezar o curso sen ter rematado as obras planificadas?

2.ª) Cales son os motivos de que as obras están sen rematar?

3.ª) Vai implantar o Goberno galego algunha medida que impida que as obras afecten ao funcionamento normal do curso escolar?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 11/09/2019 16:41:34**

CSV: REXISTROZ9O7Z5utB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 16:47:42
Nº Rexistro: 55523
Data envío: 11/09/2019 16:47:42.340

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/09/2019 16:41:49**

CSV: REXISTROZ9O7Z5utB3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 04.10.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 53913(10/POC-008493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o nivel de participación dos institutos de educación secundaria no chamado bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía

*Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:59:37
Nº Rexistro: 53913
Data envío: 19/08/2019 13:59:37.925

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante resolución do 12 de xuño de 2018 regulou, de xeito experimental para o curso 2018/19, o chamado bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía.

Unha modalidade que pretende, ao amparo do que establece o artigo 121 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, promover a especialización curricular dos Institutos de Educación Secundaria.

A resolución apareceu anunciada do DOG do 20 de xuño de 2018, a moi escasos días do remate do curso, o que impediu o mínimo debate nos claustro de profesores dos centros e deixou a iniciativa en mans dalgúns dos departamentos didácticos concernidos máis directamente por esta experiencia; como ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario, semella que os responsables da consellería improvisan ou acordan sempre a última hora calquera tipo de experimentación.

A proba máis evidente de que os centros non tiveron tempo suficiente para valorar a súa participación é que dos 294 centros que na nosa comunidade autónoma imparten as ensinanzas de bacharelato, tan só 16 (é dicir o 5,44%) solicitaron participar e deses, 14 (o 4,7%) resultaron seleccionados.: o CPR Plurilingüe Compañía de María (A Coruña), IES Agra do Orzán (A Coruña), IES Sofía Casanova (Ferrol), IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Santiago de Compostela), IES Arcebispo Xelmírez II (Santiago de Compostela), IES María Casares (Oleiros), IES Lucus Augusti (Lugo), IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo), IES Francisco Daviña Rey (Monforte de Lemos), IES Eduardo Blanco Amor (Ourense), IES Ramón Mª Aller Ulloa (Lalín), IES Plurilingüe A Paralaia (Moaña), IES República Oriental de Uruguay (Vigo) e IES A Sangriña (A Guarda).

Ante a situación exposta, o deputada e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

CSV: REXISTROSBiLmVzLP4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2019 13:59:37
Nº Rexistro: 53913
Data envío: 19/08/2019 13:59:37.925

1. Cantos alumnos participaron nesta modalidade de bacharelato durante o curso 2018/19 en cada un dos centros seleccionados e que porcentaxe supón en cada un dos centros ese número de alumnos sobre o total dos que puideran ter participado?

2. Está satisfeito o goberno galego coa resposta dos centros? E co número de alumnos participantes?

Pazo do Parlamento, 19 de agosto de 2019

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/08/2019 11:10:27**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 19/08/2019 11:11:37**

CSV: REXISTROSBiLmVzLP4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 04.10.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 04.10.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 54425(10/PNC-004330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da reforma integral do CEIP Gregorio Sanz, de Ribadeo

*Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54425
Data envío: 28/08/2019 14:57:57.880

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados **Daniel Vega Pérez, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

**Exposición de motivos:**

O CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo é un centro de ensino público de ámbito comarcal situado no barrio da Faxarda, na parroquia ribadense de Obe.
Trátase do único centro público de educación infantil e primaria do municipio de Ribadeo, capital da comarca da Mariña Oriental e vila de referencia na zona que a 1 de xaneiro de 2018 rexistraba unha poboación de 9.900 habitantes. É, polo tanto, un centro de ámbito comarcal.

A actividade docente abrangue os ciclos de Educación Infantil (3 e 6 anos) e Primaria (6 a 12 anos) que se distribúen en 6 unidades de Educación Infantil e 13 de Educación primaria. Está adscrito ao I.E.S. Porta da Auga e oferta os idiomas estranxeiros Francés e Inglés. Ofertará o vindeiro curso 2019/2020 unha sección bilingüe en 1º e 2º de Primaria e desenvolverá o programa Edixgal en 5º e 6º.

O número de alumnos e alumnas matriculadas no centro o pasado curso 2018-2019 foi de 411: 117 en Educación Infantil e 294 en Educación Primaria. O número de novas matrículas correspondentes a alumnos e alumnas de 3 anos é de 44. O alumnado é de distintas nacionalidades sendo a española a maioritaria.

Os servizos complementarios que oferta o centro aos alumnos e alumnas son os de transporte gratuíto, comedor escolar, o programa Bos Días organizado pola AMPA A

CSV: REXISTRO5teH4NufE0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Faxarda, Educando en Familia e unha serie de actividades complementarias e extraescolares en colaboracións coas AMPAs e outras entidades públicas e privadas.

Co obxectivo de garantir a funcionalidade das instalacións e o desenvolvemento da actividade educativa de forma eficiente e en condicións de seguridade tanto para o conxunto do alumnado coma para o cadro de persoal docente e administrativo; dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario acometer diversas obras de mellora que supoñan a rehabilitación integral das súas instalacións.

Deste xeito, garantirase o acondicionamento e conservación dos inmobles que integran o centro no que se desenvolve unha importante labor dirixida aos sectores máis novos da poboación ribadense como é a súa educación nos primeiros ciclos do sistema educativo obrigatorio.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acometer a reforma integral do CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo".

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/08/2019 14:43:40**

**Daniel Vega Pérez na data 28/08/2019 14:44:02**

**Maria Antón Vilasánchez na data 28/08/2019 14:44:23**

**Teresa Egerique Mosquera na data 28/08/2019 14:44:45**

CSV: REXISTRO5teH4NufE0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 54425
Data envío: 28/08/2019 14:57:57.880

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Carlos Gómez Salgado na data 28/08/2019 14:45:04**

**María Isabel Novo Fariña na data 28/08/2019 14:45:22**

**Antonio Mouriño Villar na data 28/08/2019 14:45:40**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 28/08/2019 14:46:21**

CSV: REXISTRO5teH4NufE0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 04.10.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 55145(10/PNC-004380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de garantir o dereito das persoas galegas a concorrer ao Certame Arquímedes ou a calquera outra convocatoria dese tipo con proxectos, estudos ou investigacións realizados na lingua propia de Galicia

*Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 13:59:52
Nº Rexistro: 55145
Data envío: 05/09/2019 13:59:52.384

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a vulneración dos dereitos lingüísticos das galegas e galegos no Certame Arquímedes convocado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e as medidas que debe adoptar ao respecto a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno español convoca anualmente o Certame Universitario Arquímedes que vai xa pola súa XVIII edición. Trátase dunha convocatoria dirixida a "fomentar a investigación científica entre os estudantes universitarios premiando os mellores trabajos de investigación en todas as áreas de coñecemento levados a cabo polo alumnado de grao e mestrado das universidades do estado, segundo explica o propio Ministerio.

Nas bases e instrucións que regulan o certame sinálase que as persoas solicitantes deberán aportar entre os documentos, segundo os modelos que pon á súa disposición o Goberno español, entre outros:

*1. Un trabajo original de investigación que se resumirá en un artículo científico y que deberá ajustarse a los formatos y límites establecidos en las*



CSV: REXISTRO6VfQ6I6Vv4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*instrucciones que aparecerán publicadas en esta página Web. El trabajo de investigación debe estar redactado en castellano.*

Esta obriga, que exclúe de facto calquera traballo de investigación realizado nunha lingua oficial que non sexa o castelán, non é nova e atópase en convocatorias anteriores.

O Goberno español vulnera desta maneira os dereitos lingüísticos do estudantado universitario galego que ten dereito en calquera das universidades do SUG, a realizar e defender os seus traballos e estudos na lingua propia do país.

Alén diso, esta discriminación lingüística supón unha pexa, barreira e mesmo un elemento contrario, no proceso de normalización da lingua galega no ámbito universitario quer pola obriga de asumir un duplo esforzo ao alumnado galegofalante exixindo a tradución da súa investigación para poder concorrer ao certame, quer por impedirlle presentar o seu traballo en galego á convocatoria.

Cómpre lembrar que o galego é a lingua propia de Galiza como así recolle o Estatuto de Autonomía de 1981 e que o Estado español subscribiu, entre outros acordos internacionais, a Carta europea de linguas minorizadas que recolle a obriga por parte do Goberno español de facilitar e/ou estimular o uso oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada (artigo 7. d) así como a eliminar toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificadas sobre a práctica dunha lingua rexional ou minoritaria e tendo como obxectivo desestimular ou pór en risco o mantemento ou desenvolvemento da mesma (artigo 7.2)

CSV: REXISTRO6VIQ6l6Vv4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 13:59:52
Nº Rexistro: 55145
Data envío: 05/09/2019 13:59:52.384

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Goberno galego non pode ficar impasíbel perante esta cuestión e debe, porque así lle corresponde, defender os dereitos lingüísticas das galegas e galegos diante, neste caso, do Goberno español como de calquera institución ou entidade que os vulnere.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para defender os dereitos lingüísticos das galegas e galegos e instar o executivo central a respectalos no Certame Arquímedes e calquera outra convocatoria semellante, garantindo o dereito a concorrer con proxectos, estudos ou investigacións na lingua propia de Galiza."

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO6VIQ6I6Vv4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 13:59:52
Nº Rexistro: 55145
Data envío: 05/09/2019 13:59:52.384

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 13:55:57**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 13:56:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 13:56:08**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 13:56:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 13:56:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 13:56:29**

CSV: REXISTRO6VIQ6l6Vv4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 04.10.2019 Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 55530(10/PNC-004413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de conservación en que se atopan o patrimonio histórico e os bens inmobles catalogados no concello de Mondariz-Balneario

*Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 18:24:47
Nº Rexistro: 55530
Data envío: 11/09/2019 18:24:47.411

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2016 sobre o patrimonio Cultural de Galiza ten como finalidade, protexer, conservar e difundir un legado que o tempo irá acrecentando para transmitilo ao futuro, e establece dúas categorías de bens protexidos, os declarados ben de interese cultural e os catalogados. Esta lei, particularmente no artigo 3, insta a colaboración entre administracións, reflexando no punto 2 deste mesmo artigo que "*As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de:*

*a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.*

*b) Adoptar, en casos de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que viren a súa integridade ou valor ameazados.*

*c) Comunicarlle á Xunta de Galicia calquera ameaza, perturbación ou dano do valor cultural que tales bens sufran.*

*d) Exercer, así mesmo, as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta lei*. "



CSV: REXISTROCuwHhrBLK5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 18:24:47
Nº Rexistro: 55530
Data envío: 11/09/2019 18:24:47.411

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais esta mesma lei no seu artigo 32 reflicte o deber de conservación, que recae na propiedade do ben "*As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración*" e no artigo 37 o deber de comunicación "*1. As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens declarados de interese cultural ou catalogados están obrigadas a comunicarlle á consellaría competente en materia de patrimonio cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa o seu valor cultural. 2. O deber de comunicación establecido neste artigo corresponderalles tamén aos concellos no territorio dos cales se encontren os bens no momento en que teñan constancia de tal estado*."

Para atender as diferentes realidades dos bens catalogados, a lei desenvolve diferentes niveis de protección no seu artigo 41. Os cales pasamos a citar a continuación:

Niveis de protección

Nos bens integrantes do patrimonio arquitectónico ou industrial, o diferente alcance da protección, derivada da relevancia do seu valor cultural e do seu estado de conservación, pode clasificarse nos seguintes niveis:

a) Protección integral: conservación íntegra dos bens e de todos os seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal desde a perspectiva de todos os valores culturais que conforman o interese do ben, respectando a súa evolución, transformacións e contribucións ao longo do tempo.



CSV: REXISTROCuwHhrBLK5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 18:24:47
Nº Rexistro: 55530
Data envío: 11/09/2019 18:24:47.411

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Protección estrutural: conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.

c) Protección ambiental: conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens que, malia non presentaren un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.

